

(UNITEGA)  
Estrada de Cerdedelo, nº 41  
32620 Laza (Ourense)

Expediente: C.6.Q/299/13

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2013

Estimado Sr.:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do seu escrito referente á participación pública no proceso de elaboración do proxecto de Lei de Caza.

Nesa queixa esencialmente indicaba que de conformidade co artigo 16.1.a) da Lei 27/2006, de 18 de xuño, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente, e co artigo 42.3 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o 27 de xaneiro de 2012 publicouse no Diario Oficial de Galicia un anuncio da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, polo que se acordaba someter a información pública o borrador do anteproxecto da Lei de caza de Galicia, para presentar as alegacións que se considerasen pertinentes. De acordo con esa normativa, as proposicións, suxestións ou recomendacións recibidas pola Administración son tidas en conta polo órgano encargado da redacción do texto do proxecto, que poderá asumilas ou rexeitalas a través dun informe final no cal recibirán unha resposta razoada. Elo sucede no caso das materias relacionadas co medio ambiente ás que se refiren os arts. 17 e 18 da Lei 27/2006; o informe debe ser publicado. No proceso que participou UNITEGA, mediante escrito de 7 de marzo de 2012; sen embargo, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas non deu publicidade ao informe. O anteproxecto de Lei de Caza trasladouse directamente ao Consello da Xunta, que o aprobou o 7 de febreiro de 2013. Reclama ao entender que se vulneraron os dereitos dos cidadáns e que se inste á Xunta de Galicia a reiniciar o proceso de participación pública do anteproxecto da Lei de Caza de Galicia.

Ante iso requirimos, como vostede coñece, información á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, que xa nola remitiu. Nesta sinálase o seguinte:

“En relación ao escrito de data 19 de febreiro de 2013, polo que se achegaba unha queixa formulada por UNITEGA, relativa

á tramitación do anteproxecto de lei de caza de Galicia, achégolle informe ó respecto emitido pola Subdirección Xeral de Réxime Xurídico — Administrativo desta Secretaría Xeral Técnica.

Examinada a solicitude de información formulada polo Valedor do Pobo en relación co escrito de queixa presentado por (UNITEGA), acerca da tramitación do anteproxecto de lei de caza de Galicia, infórmase o seguinte:

A tramitación do anteproxecto de lei de caza de Galicia axustouse ao previsto, no que atinxe á participación pública, na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente.

Neste sentido, a extinta Consellería do Medio Rural, que iniciou a súa tramitación, acordou someter a información pública o borrador do anteproxecto da lei de caza de Galicia, mediante anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia núm. 5, do 9 de xaneiro de 2012.

Coa finalidade de coñecer o parecer de todos os sectores afectados pola caza, o borrador foi remitido a cada un dos vogais do Comité Galego de Caza, para o seu estudo nunha reunión extraordinaria celebrada o 13 de xaneiro de 2012, na que figuraba como único asunto da orde do día a presentación do borrador do anteproxecto da lei de caza de Galicia.

Por outra parte, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, co propósito de garantir unha maior participación da cidadanía neste trámite e trata asunción das competencias en materia de caza, acordou a apertura dun novo período de información pública do citado borrador, mediante anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia núm. 19, do 27 de xaneiro de 2012.

Así mesmo, cabe indicar que o borrador do anteproxecto de lei de caza de Galicia estivo publicado na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas durante o período comprendido entre o 10 de xaneiro e 29 de maio de 2012, para os efectos de que calquera persoa presentase as suxestións que considerase oportunas.

Polo tanto, a intención desta consellería, como se manifesta nos trámites realizados, foi promover, sen ningún tipo de restrición, unha participación real e efectiva do público na elaboración do anteproxecto de lei de caza, co obxectivo de mellorar a calidade da norma e protexer os intereses afectados.

As observacións presentadas foron tidas en conta pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza que, con data do 21 de maio de 2012, elaborou un informe sobre o resultado do procedemento de participación pública no que, se especifican aquelas alegacións que son asumidas e rexeitadas e, neste último caso, os motivos do rexeitamento.

No referente ao motivo do escrito de queixa, cabe sinalar que o artigo 16.1.d) da Lei 27/2006, do 18 de xullo, dispón que as Administracións Públicas, para promover unha participación real e efectiva do público na elaboración de disposicións de carácter xeral relacionadas co medio ambiente, velarán porque se "informe ao público das decisións adoptadas e dos motivos e consideracións nos que se basean ditas decisións, incluíndo a información relativa ao proceso de participación pública".

Este precepto non esixe, como manifesta o representante de UNITEGA, a publicación do informe sobre o resultado do proceso de participación pública; posto que a mesma podería vulnerar a normativa sobre protección de datos de carácter persoal.

Non obstante, non existe ningún inconveniente en facilitar toda a información e documentación relativa, non só ao resultado do proceso de participación pública, senón a calquera outro trámite do anteproxecto de lei de caza de Galicia, a calquera persoa que así o solicite.

En calquera caso, cómpre puntualizar que o Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 7 de febreiro de 2013, non aprobou o proxecto de lei de caza, como indica o representante de UNITEGA no seu escrito de queixa, senón que o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas lle elevou un informe sobre o seu estado de tramitación con carácter previo á remisión do texto ao Consello Económico e Social.

Nestes momentos, o anteproxecto de lei de caza de Galicia está pendente da emisión de ditame por parte do Consello Económico e Social de Galicia (solicitado o 8 de febreiro de 2013) como trámite previo á súa aprobación polo Consello da Xunta de Galicia como proxecto de lei."

Tras a investigación realizada, na que se avaliou o contido da súa queixa e o exposto no informe transcrito, dedúcese que, tal e como se mencionaba na queixa, iniciouse un trámite de información pública co fin ofrecer a posibilidade de presentar as alegacións que se consideraran ao borrador de anteproxecto da Lei de Caza de Galicia; en realidade se deron dous, un promovido polo órgano entón competente, a CMR, e despois outro, ao que se refire a queixa, promovido pola CMATI, respecto do cal a entidade reclamante á que representa presentou alegacións.

Ao respecto a cuestión suscitada se refire basicamente á necesidade de dar resposta de forma individual e colectiva ás alegacións presentadas, cuestión sobre a que adiantamos que a resposta debe ser positiva. Efectivamente, todos os procedementos de información pública deben ser obxecto da correspondente resposta suficiente, como se determina, en termos xerais, no art. 86.3 da Lei 30/1992, que sinala que quen presente alegacións ou observacións neste trámite teñen dereito a obter da administración unha resposta razoada, que poderá ser común para todas aquelas alegacións que plantexen cuestións substancialmente iguais.

Con carácter específico para o procedemento que coñecemos, que se refire a unha información pública prevista para a participación do público na elaboración dunha disposición de carácter xeral relacionada co medio ambiente (art. 16 da lei 27/2006), se prevé que ao adoptar ese tipo de decisións deben ser debidamente tidos en conta os resultados da participación pública, e que, unha vez examinadas as observacións e opinións expresadas polo público, se lle informe das decisións adoptadas e dos motivos e consideracións nos que se basean ditas decisións, incluíndo a información relativa ao proceso de participación pública. Entre as normas relativas que precisan tales trámites previos se atopan as relacionadas coa conservación da natureza, a diversidade biolóxica, os montes e os aproveitamentos forestais. Por tanto, ao marxe da resposta sobre os aspectos alegados por cada colectivo ou cidadán, resulta preciso neste campo que se informe ao público en xeral das decisións e os seus motivos, é dicir, estes deben transmitirse ou poñerse a disposición do público en xeral.

Ao respecto a CMATI indica no seu informe que a súa intención foi promover a participación real e efectiva do público na elaboración do anteproxecto de Lei de Caza, cousa que se confirma a través do procedemento indicado; e que as observacións presentadas no proceso de información pública foron tidas en conta, posto que a Dirección Xeral de Conservación da Natureza elaborou un informe sobre o seu resultado no que se especifican as alegacións asumidas e rexeitadas e os motivos deste, no seu caso. Sen embargo, respecto do concreto motivo de queixa sinala que o art. 16 da lei 27/2006 non esixe a publicación do informe, como manifesta a queixa, "posto que a mesma podería vulnerar a normativa sobre protección de datos de carácter persoal". Non entanto, sinala que "non existe ningún inconveniente en facilitar toda a información e documentación relativa, non só ao resultado do proceso de participación pública, senón a calquera outro trámite do anteproxecto de lei de caza de Galicia, a calquera persoa que así o solicite". Por tanto, se admite un traslado individual, no caso de reclamarse; este debera terse producido xa, se non se deu, posto que resulta claro que a alegación da entidade precisa unha explicación respecto do rexeitamento dos seus concretos contidos.


No relativo á necesidade de publicar o informe, isto é, de poñelo a disposición do público en xeral, debemos afirmar que si debera terse dado, posto que, como dixemos, ese é o senso da norma citada: informe ao público das decisións adoptadas e dos motivos e consideracións nos que se basean ditas decisións, incluíndo a información relativa ao proceso de participación pública. A le 27/2006 e o seu artigo ao que nos referimos deben considerarse unha ampliación respecto da información a transmitir nos casos xerais de procedementos de información pública, de tal maneira que o resultado deses procesos en relación con asuntos medio ambientais deba trasladarse ao público en xeral, e non so aos reclamantes respecto da súa específica alegación. O seu interese e en xeral o de outros cidadáns pode ser mais amplo; poden estar interesados no alegado por outros colectivos ou persoas, e sobre todo na posición da administración respecto desas alegacións.

A obxección respecto da necesidade de protección dos datos persoais dos alegantes non resulta adecuada, posto que é perfectamente salvable, como se deduce claramente do tratamento colectivo do moitos procedementos ou trámites de información pública.

Finalmente, no que se refire á matización que se fai no informe en relación co momento procedimental no que se atopa o anteproxecto, é evidente que o indicado pola consellería responde á realidade, posto que aínda non se aprobara o proxecto por parte do Consello da Xunta, á espera de que sexa cumprimentado o último trámite necesario de información institucional. Non entanto, iso non supón ningún obstáculo para a orientación dada.

Por todo o sinalado anteriormente o día de hoxe de novo nos diriximos á consellería co fin de requirir que con urxencia se facilite aclaración sobre os extremos mencionados, en concreto sobre as causas polas que non se respondeu as alegacións da entidade reclamante, para o caso de confirmarse tal cousa; sobre as causas polas que non se fixo público o informe final do proceso de información pública, a pesar de que tal cousa resultaría precisa de acordo coa interpretación indicada; e sobre as demais circunstancias que se consideren relevantes para a completa valoración do obxecto da queixa. Axiña recibamos o correspondente informe complementario poñerémonos de novo en comunicación con vostede, dándolle conta da nosa actuación e, a ser posible, da solución do seu problema.

Agradézolle a confianza que nos demostra e saúdoo atentamente,

  
José Julio Fernández Rodríguez  
Valedor do Pobo (en funcións)